

XINZO DE LIMIA
REXISTRO ENTRADA
2022-E-RC-5410
19/09/2022 08:15



NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DAS AXUDAS A INVESTIMENTOS EN MATERIA DE BIOSEGURIDADE PARA A MELLORA OU CONSTRUCCIÓN DE CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE GANDO, PARA O ANO 2022

Código de procedemento: MR406B
Expediente número: CLD/MR406B/2022/05
Persoa solicitante: Concello de Xinzo de Limia
NIF: P3203300C

Na data do 15/09/2022 o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación do conselleiro do Medio Rural, en virtude da Orde do 17 de novembro de 2015 da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 223, do 23.11.2015), ditou a seguinte resolución:

"RESOLUCIÓN DAS AXUDAS A INVESTIMENTOS EN MATERIA DE BIOSEGURIDADE PARA A MELLORA OU CONSTRUCCIÓN DE CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE GANDO, PARA O ANO 2022

ANTECEDENTES

1. O día 23/02/2022 publícanse no DOG as bases reguladoras das axudas e a súa convocatoria para o exercicio orzamentario 2022: Orde do 4 de febreiro de 2022, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, así como para investimentos en bioseguridade en viveiros

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Subdirección Xeral de Gandaría
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
T. +34: 981 544 788
mediorural.sxganderia@xunta.gal
www.mediatorural.xunta.gal





acometidos por determinados produtores de materiais vexetais de reprodución, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406B e MR406C), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

2. O día 23/08/2022 publicouse no DOG unha modificación da citada Orde do 4 de febreiro de 2022: Orde do 12 de agosto de 2022 pola que se modifica a Orde do 4 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, así como para investimentos en bioseguridade en viveiros acometidos por determinados produtores de materiais vexetais de reprodución, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406B e MR406C), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

3. Para as axudas destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando (código de procedemento MR406B) presentáronse un total de 10 solicitudes.

4. Para estas axudas, e en cumprimento do artigo 7 da Orde do 4 de febreiro de 2022:

a) O órgano instrutor do procedemento de concesión é a Subdirección Xeral de Gandaría, e a persoa titular desta subdirección emitirá as correspondentes propostas de resolución.

b) A persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, en virtude da Orde do 17 de novembro de 2015 da Consellería do Medio Rural, ditará a correspondente resolución.

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A LIÑA DE AXUDAS

-Esta axuda forma parte do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España. Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

-Obxectivo estratéxico/operativo/instrumental e finalidade: mellorar a sustentabilidade, a resiliencia e a competitividade do sector agroalimentario, desde o punto de vista económico, medioambiental e social, nos centros de limpeza e desinfección.

-Política panca dentro do PRTR: política número 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura».





-Compoñente dentro da política número 1: Compoñente 3 «Transformación ambiental e dixital do sistema agroalimentario e pesqueiro».

-Medida dentro do compoñente 3: Investimento 3 «Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandería (II): reforzo dos sistemas de capacitación e bioseguridade en centros de limpeza e desinfección». (acrónimo C3.I3)

- Contribución do compoñente 3: un 40% á transición ecolóxica e un 6% á transición dixital.

-Nome do subproxecto: Melloras en bioseguridade para a modernización ou a construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando en Galicia.

-Trátase dun réxime de axudas de Estado de minimis. O procedemento de concesión é en réxime de concorrència competitiva.

-Financiamento das axudas: financiadas ao 100 % pola Administración xeral do Estado. Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. (DOG núm. 121, do 25/06/2007).

2. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29/01/2009).

3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02/10/2015).

4. Real decreto 949/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, así como para investimentos en bioseguridade en viveiros, acometidas por determinados produtores de materiais vexetais de reprodución, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 263, do 03/11/2021).

5. Orde do 4 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, así como para investimentos en bioseguridade en viveiros acometidos por determinados produtores de materiais vexetais de





reproducción, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406B e MR406C), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (DOG núm. 37, do 23/02/2022).

6. Orde do 12 de agosto de 2022 pola que se modifica a Orde do 4 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas destinadas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora ou construción de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, así como para investimentos en bioseguridade en viveiros acometidos por determinados produtores de materiais vexetais de reprodución, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406B e MR406C), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (DOG núm. 159, do 23/08/2022).

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

1. Obrigas en materia de emprego:

As persoas/entidades beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigas en materia de emprego, sen prexuízo das eventuais limitacións relacionadas coa normativa do réxime de axudas de Estado que sexa de aplicación:

-Ter o seu domicilio fiscal e o seu principal centro operativo en España e mantelos, polo menos, durante o período de prestación das actividades obxecto de subvención.

- Prestar as actividades obxecto da subvención desde centros de traballo situados en España.

- Contribuír á creación e mantemento en España de todo o emprego necesario para a prestación da actividade obxecto da subvención, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.

2. No tocante ás obrigas de comunicación do financiamento público das axudas, por parte das persoas/entidades destinatarias finais delas:

- As accións de información e comunicación farán referencia á orixe do financiamento das actuacións e serán visibles, incluíndo o emblema da Unión e unha declaración axeitada que indique "financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

- Nos lugares de realización das actuacións informarase do apoio do fondo NextGenerationEU a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3, nun lugar destacado e visible. O contido total do cartel será: o nome da actuación, o escudo de





Galicia mailo texto de "Xunta de Galicia", o emblema da Unión Europea mailo texto "Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", o logo do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (emblema e texto, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>) o escudo de España co texto de "Gobierno de España" e "Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación".

- Informar a través da páxina web, en caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

3. Obrigas de conservación da documentación:

Deberán conservarse os libros contables, facturas, permisos administrativos, rexistros dilixenciados e demais documentos relacionados coa axuda, os que acrediten os gastos, os pagamentos, etc., toda a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, e durante un período mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

4. Cumprimento do principio DNSH:

É obrigatorio o compromiso de respectar o principio horizontal de "non causar un prexuízo significativo" (polas súas siglas en inglés DNSH- Do not significant harm) a ningún dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020 (Regulamento de Taxonomía), durante a execución das actuacións.

5. Obriga de facilitar información sobre os fondos percibidos

Estas axudas atópanse suxeitas aos controis dos órganos estatais e autonómicos (Tribunal de Contas, Consello de Contas, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, etc.), e así mesmo aos órganos de control da UE (Comisión Europea, Tribunal de Contas Europeo, OLAF e Fiscalía Europea), no exercicio das súas funcións de control e inspección sobre o destino dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

A Orde do 12 de agosto de 2022, pola que se modifica a Orde do 4 de febreiro de 2022, establece que as axudas da liña 1 recollidas na orde están financiadas ao 100 % pola Administración xeral do Estado (Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU), e o seu financiamento efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia:





Liña 1. Axudas a investimentos en materia de bioseguridade para a mellora de centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando, ou para a construción de novos centros coa devandita finalidade:

14.04.713E.7603, que se dota para o ano 2022 cun crédito de 15.747,52 euros.

14.04.713E.7703, que se dota para o ano 2022 cun crédito de 25.310,28 euros, e para o ano 2023 cun crédito de 369.520,28 euros. O total desta aplicación orzamentaria é de 394.830,56 euros.

O orzamento total das dúas aplicacións é de 410.578,08 euros.

CONSIDERACIÓNS ADMINISTRATIVAS

1. Na Subdirección Xeral de Gandaría examináronse as 10 solicitudes presentadas maila documentación complementaria achegada, e comprobouse que 7 solicitudes cumpren os requisitos para a concesión das axudas sinalados na Orde do 4 de febreiro de 2022, e 3 solicitudes non os cumpren.

2. Prazo de execución: 1 ano desde a concesión da subvención, para os expedientes números 01, 02, 03, 04, 06 e 07.

Para o expediente número 05 (CLD/MR406B/2022/05), a nome do Concello de Xinzo de Limia, o prazo de execución será de 3 meses desde a concesión da subvención e dentro do exercicio 2022.

3. Os investimentos subvencionables son os que se recollen no artigo 24 da Orde do 4 de febreiro de 2022 da Consellería do Medio Rural.

4. As 7 solicitudes propostas inclúen actuacións de mellora nos centros de limpeza e desinfección (CLD), é dicir, son en CLD xa existentes. Neste caso, para cada CLD:

- Investimento máximo subvencionable: 100.000 €*
- Intensidade máxima da subvención: 70% do investimento*
- Contía máxima da axuda por persoa/entidade beneficiaria: 70.000 €*

5. Na Subdirección Xeral de Gandaría fixéronse os cálculos das axudas para os 7 expedientes propostos e o resultado deles foi que o importe total que se vai conceder non supera o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria que financia as axudas.

6. No cumprimento do artigo 11 da Orde do 4 de febreiro de 2022, a resolución de subvención poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas/entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:





a) *Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que venza o prazo para resolver previsto no artigo 7.*

b) *Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.*

7. *Conforme ao contido do artigo 9 da Orde do 4 de febreiro de 2022, **publicarase** no Diario Oficial de Galicia (**DOG**), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **esta resolución** de concesión e de denegación das axudas, e que **producirá os efectos de notificación** ás persoas beneficiarias e non beneficiarias das axudas. Así mesmo, dita data de publicación no DOG é a que será tida en conta para os efectos de **cómputo de prazos**.*

Vista a proposta de resolución emitida pola Subdirección Xeral de Gandaría e de acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

- *A aprobación das solicitudes de axuda, ás persoas solicitantes incluídas no anexo I.*
- *A denegación das solicitudes de axuda ás persoas solicitantes incluídas no anexo II. O motivo da denegación recóllese no anexo II.*

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

O conselleiro

P.D. Orde do 17-11-15

(DOG Núm. 223, do 23-11-15)

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte"





ANEXO I
Solicitudes aprobadas

Núm. de expediente	Nome e apelidos/Razón social da persoa ou entidade beneficiaria	NIF	Investimentos subvencionables (€)	Intensidade da axuda	Importe total da axuda (€) (contía máxima axuda/beneficiario 70.000 €)
CLD/MR406B/2022/05	Concello de Xinzo de Limia	P3203300C	22.496,35	70%	15.747,52

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

O subdirector xeral de Gandaría

Jorge Enrique Mourelo Estella

